

SÁBADO 14 DE MARZO (CONT.)

Auditorio do Concello. 22.00h

Matarile Teatro (Santiago de Compostela) RE-ESTREA, VERSIÓN AMPLIADA E MELLORADA

"HOMBRES BISAGRA" (75' aprox.) Teatro-Concerto

Unha proposta escénica híbrida que se achega máis á idea de concerto que de representación teatral. O espazo sonoro, as atmosferas de luz e as imaxes son as que suxiren, evocan e producen situacións, potenciadas pola plasticidade dos corpos.

Dirección: Ana Vallés - Baltasar Patiño / **Intérpretes:** Carlos Hermida, Miguel Torres, Nacho Sanz, Baltasar Patiño / **Deseño iluminación:** Baltasar Patiño.

DOMINGO 15 DE MARZO

Casa das Artes. 17.00h (Aforo limitado)

Programa ALT.procrea en Feminino / Trballo en proceso

Funboa Escénica (Santiago de Compostela) PRESENTACIÓN PÚBLICA

"SUSHI GRATIS" (30' aprox.) Teatro contemporáneo

Dúas mulleres reúnen para tomar té e, mentres contan un gran segredo, comezan a reflexionar sobre a necesidade do drama e a esaxeración para levar unha vida máis acorde coas súas percepcións románticas sobre a arte ou mesmo sobre a felicidade.

Dirección: Cristina Balboa e Lúa Gándara / **Intérpretes:** Cristina Balboa e Lúa Gándara.

Auditorio do Concello. 19.00h

Pierre Rigal / Cie. dernière minute (Toulouse, Francia) ESTREA NO ESTADO

"BATAILLE" (50' aprox) Danza / Circo / Teatro Físico

Bataille é un enfrontamento entre dous actores físicos: por unha banda Hassan Razak, especialista da percusión corporal e por outro Benoît Canteteau, especialista de acrobacias.

Este enfrontamento é unha batalla complexa, paradoxal e ambigua.

Proposta de: Hassan Razak / **Dirección:** Pierre Rigal / **Escritura de escenario:** Hassan Razak, Pierre Rigal, Pierre Cartonnet / **Intérpretes:** Hassan Razak, Benoît Canteteau / **Música:** Julien Lepreux / **Deseño de iluminación:** Pierre Rigal e Loïc Célestin / **Asistente artística e vestuario:** Mélanie Chartreux / **Documentación e asesoramento dramaturxico:** Taïcyr Fadel / **Repetidora:** Sylvie Marcucci

MARCO. 20.00h (Aforo limitado)

ESPECIAL ALT CINE - TEATRO

Cristina Blanco (Madrid / Barcelona) ESTREA

"EL AGITADOR VÓRTEX" (60' aprox.) Película en directo multixénero

Peza de cinema en directo, multixénero, onde as realidades son ficcionadas e a ficción faise realidade... Todo iso cunha gran dose de sentido do humor e o rigor da disciplina artística.

Dirección: Cris Blanco / **Intérpretes:** Cris Blanco / **Asistencia artística e técnica:** Antón Rodríguez e Óscar Bueno / **Música:** Cris Blanco e Óscar Bueno.

SAÚDA DA DIRECTORA ALT.15

Parece que estamos no bo camiño, levamos catorce anos aí, inamovibles, (in)cuestionables, ao final sempre é o tempo o que asenta, o que dá as razóns últimas.

É o noso un camiño lento, sen grandes alardes, sen fogos de artificio. Non somos un festival de superproduccións, nin de megaespazos, nin de artistas en luces de neón, nin perseguimos selo... somos simplemente ALT.

Nin o escepticismo dalgúns, nin os cambios políticos, nin a crise, nin o poder absoluto do money, nin os egos malos, nin os bos, nin a incerteza, nin a estupidez puideron derrubar esta árbore chamada ALT.

Base importante desta dureza son as raíces: sólidas e fortes e o inalterable entusiasmo dos seus "coiadores".

De novo ALT en Vigo, en marzo e van catorce anos ininterrompidos, apostando por compañías nacionais e internacionais, creando residencias artísticas e estirando ao máximo os orzamentos. Catorce anos sen escusas, currando, apostando, regando a árbore.

Programa intenso... e como sempre a sorpresa dos nosos especiais:

Marathon Voadora, que repasa os traballos da compañía galega.

O cinema e a escena.

ALT.procrea en Feminino, cun traballo conxunto de dúas grandes creadoras: Ana Vallés e Sara Molina e de outras dúas grandes creadoras en cernes: Cristina Balboa e Lúa Gándara e a acción especial "Exposición Danzada" sobre a obra de Laxeiro onde seis bailarinas farán unha micropeza de danza ante o traballo do pintor.

ALT.15... 14 anos... Inamovibles.

LOLA CORREA (Directora artística do ALT.)

RESERVA ANTICIPADA 655 096 646

De 10 a 14h e de 16 a 18.00h

* O prezo das entradas é único de 5€ por función sen que exista ningún tipo de desconto por consideralo un prezo moi popular. Salvo a peza do Conservatorio que é de entrada libre.

* Non se reservará nin por WhatsApp nin por e-mail.

* Non se reservará a grupos de máis de seis persoas para os espazos de aforo limitado.

* As entradas para a función "La Máquina de la Soledad" serán a 8€ para o público xeral e de 5€ para menores de 16 anos, xubilados/as e desempregados/as.

* As entradas deben recollerse no despacho de billetes de cada espazo ata media hora antes dos espectáculos, pasado este horario o festival resérvase o dereito de non manter a reserva (Excepto no caso de retraso por parte da organización en espectáculos seguidos).

* Rógase puntualidade, unha vez pechadas as portas, non se permitirá o acceso.

* ALT é un festival para público adulto polos seus contidos e pola necesidade de silencio absoluto para o traballo dos/as artistas. Caso excepcional é "La máquina de la soledad" que se recomenda para público familiar e rapaces e rapazas maiores de dez anos.

ALT.15

14º FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS DE VIGO

09.03 > 15.03 2015

FESTIVALT.ORG - VIGOCULTURA.ORG

COLABORAN



COLABORADOR PRINCIPAL



Vivimos nunha cidade fermosa

PROGRAMA DE MAN ALT.15

LUNS 9 DE MARZO

Auditorio do Concello. 20.30h

Rafa Molés e Pepe Andreu (España) / En colaboración con Cineclub Lumière

"FIVE DAYS TO DANCE" (77') VO en castelán, inglés, alemán e euskera

Wilfried Van Poppel e Amaya Lubeigt son os coreógrafos. El holandés, ela vasca. A danza é a linguaxe común. Non importa o lugar. Cinco días, unha clase de adolescentes, un microcosmos no que sucede un pequeno big-bang.

Coa presenza dos protagonistas para presentar a película e manter unha charla coas persoas asistentes.

MÉRCORES 11 DE MARZO

Casa das Artes. 20.30h

Programa ALT.procrea en Feminino / ESTREA ABSOLUTA

"EXPOSICIÓN DANZADA"

Seis creadoras de danza e artes do movemento, con distintas bagaxes formativas, artísticas e de orixe, enfróntanse individualmente cun dos cadros escollidos por elas mesmas, creando unha micropeza de danza dende o diálogo con ese cadro e contraponendo o estatismo físico da obra pictórica ao dinamismo físico do corpo en movemento.

Intérpretes: Ánxela Blanco/ Ana F. Gouveia/ Ana Beatriz Pérez Enríquez/ Kirenia Celia Martínez Acosta/ Olga Cameselle "Lez"/ Mercé de Rande.

XOVES 12 DE MARZO

Casa das Artes. 19.00h

Programa ALT.procrea en Feminino / Trballo en proceso

Sara Molina & Ana Vallés (Granada-Boqueixón)

"IN TIME" (40' aprox.) Teatro

Un encontro en Vigo. Dende Granada e Boqueixón. A intención non é concluír unha proposta escénica, unha obra pechada, e mostrala aquí a medias. Isto é tan só un encontro: a cantidade e a calidade dos abrazos. A imaxe é incerta, hai unha figura que dá as costas e afástase, quizais eu, máis valente cunha imaxe, saíndo do plano (einstellung: a mesma palabra en alemán para nomear o plano e a actitude). E unha pregunta: é posible conservar a relación que se establece cunha imaxe? Sara di: NON! Aínda que preferiría non falar, ou mesmo non estar... Porén sabe que un bo silencio é difícil." Ana Vallés.

"As preguntas tamén poden ser: por que? ou para que? De volta a casa, despois da primeira cita con Ana, atópome novamente con esta frase de Louise Bourgeois que xa coñecía: isto xorde... de todas esas cousas que se desexan intensamente e ás que se lles di "non"... Isto, que se che mostra, que nomeamos In TIME, podería ter o valor dunha "peza solta", iso que queda como resto, dabondo, despois das ensamblaxes que realiza a invención. Tamén pode parecerse a un nó... que aberta ou afrouxa algo e nada... algo a nada... algo no canto de nada..." Sara Molina.

Dirección: Sara Molina & Ana Vallés / *Intérpretes:* Sara Molina & Ana Vallés / *Deseño iluminación:* Baltasar Patiño.

Auditorio do Concello. 21.00h

Circolando (Portugal) ESTREA NO ESTADO

"PAUS E PÉTALAS" (70' aprox.) Danza

Un dueto sobre as relacións entre o home e a muller. O amor nos seus versos e reversos. Atracción, repulsión, fusión, separación. Amor cru, amor en tempos de cólera. Ruínas, lixo, po, os restos dunha casa-cidade destruída. Fomos buscando o amor no lugar da desolación. Duro, áspero, severo, pechado. O mundo absorbe as cualidades das pedras.

Dirección: André Braga e Cláudia Figueiredo / *Intérpretes:* André Braga e África Martínez *coa participación especial de:* Luis Braga e Ana Magali Martinez / *Deseño iluminación:* Francisco Tavares Teles

VENRES 13 DE MARZO

Espazo escondido (Aforo limitado). Venres e sábado 18.00h / Domingo 18.00 e 20.30h

ATENCIÓN: É necesario mercar a entrada para recibir a información do lugar da representación.

Microscopía & Oligor (México / España)

"LA MÁQUINA DE LA SOLEDAD" (80') Teatro de Obxectos documental

A Máquina da Soidade é unha homenaxe ao obxecto-carta e ao correo postal. Un documento esfollado nun espazo de micro-paisaxes e inventarios do ínfimo revelador que hai nos afectos que resgarda a materia.

Unha viaxe íntima para 46 espectadores.

www.lamaquinadelasoludad.org

Creación e realización: Shaday Larios e Jomi Oligor *Unha coproducción de Oligor e Microscopía, Iberescena e TNT 2014. Terrassa Noves Tendencias. / Coa colaboración da máquina de teatro. Agradecemos a todas as persoas que dalgún xeito acabaron entre os caixóns e caixiñas da máquina da soidade.*

Casa das Artes (Aforo limitado). Venres e sábado 18.00h

ESPECIAL ALT CINE - TEATRO

Karla Kracht & Andrés Beladiez (España / Alemaña) ESTREA ABSOLUTA

"2062" (50' aprox.) Cinematic live theatre

O mundo nunca volverá ser o mesmo... Novas paredes serán construídas e vellos ideais serán soterrados. As guerras serán diferentes, mais continuarán matando as ideoloxías a punta de pistola... O século XXI chegou e cambiounos para sempre. Porén apenas nos demos conta diso. Dalgunha maneira, todo segue igual...

Dirección: Andrés Beladiez & Karla Kracht / *Intérpretes:* Andrés Beladiez & Karla Kracht / *Deseño iluminación:* Andrés Beladiez

MARCO. (Aforo limitado) 20.00h.

Anómico Teatro (Vigo) ESTREA ABSOLUTA

"PREFERIRÍA NON FACELO" (80' aprox.) Teatro físico - Poema político

A desobediencia do corpo en movemento, o valor estético da insubmisión, ou o sentido comunitario da inacción, son os temas que circundan esta peza escénica, xurdida a partir de textos de Julio Fernández e que á súa vez toman coma punto de partida a frase tantas veces repetida por Bartleby o escribiente: "Preferiría non facelo"

Dirección: Julio Fernández Peláez / Eva Alfonso / *Intérpretes:* Cristal Lázare, Eva Alfonso e Julio Fernández / *Deseño iluminación:* Eva Alfonso e Julio Fernández

Conservatorio Superior de Música-Auditorio Martín Códax. 20.30h. Entrada Libre

Alejandro Rojas Marcos & Guillermo Weickert (Sevilla) ESTREA

"IUSISUSU?" (40' aprox.) Danza e Música improvisadas

IUSISUSU? é un proxecto de improvisación concibido polo coreógrafo e bailarín onubense Guillermo Weickert e o pianista sevillano Alejandro Rojas Marcos coa intención de establecer un diálogo entre as súas respectivas linguaxes creativas ao longo de sucesivos encontros.

Intérpretes: Alejandro Rojas Marcos (piano) Guillermo Weickert (bailarín)

Auditorio do Concello. 22.00h.

ESPECIAL ALT CINE - TEATRO

Khea Ziater (Bilbao) ESTREA

"NOT never on time" (60' aprox.) Film Escénico. Drama

Isbelle é unha muller que hai un tempo sufriu unha importante perda; despois, a pesar dos seus esforzos por atopar a maneira de seguir adiante, non foi capaz de rescatarse da sensación de que a vida carece de sentido.

Hoxe, no preludio e preparación do seu próximo intento de suicidio, Isbelle concédenos a oportunidade de coñecer a delicada arquitectura dos seus pensamentos.

Isbelle: Arrate Etxeberria / *Fotografía:* Son Aoujil / *Vestuario:* Azegiñe Urigoitia / *Espazo Sonoro:* Joke De Vriese / *Iluminación:* Oier Ituarte / *Edición:* Nouvelle Basque / *Textos:* Mikel Somiñona / *Técnico Proxeccións:* Javi Andraka / *Dirección e Dramaturxia:* Alex Gerediaga

SÁBADO 14 DE MARZO

RÚA - Diante do MARCO. 17.30h.

Physical Momentum Project (México-Barcelona) ESTREA

"POSTSKRIPTUM" (17' aprox.) Danza contemporánea

Postskriptum... son só experiencias de despedida. Unha mirada, un abrazo, un xesto, un erro... Pequenas cousas, que nos fan, posiblemente, máis humanos. Desposuírse de vestuarios e rutinas alleas a nós mesmos. Postskriptum é dicir adeus...

Director: Francisco Córdova Azuela / *Idea Orixinal & Creación:* Francisco Córdova Azuela / *Intérpretes:* Elenco: Kiko López Juan, Héctor Plaza Hernando / *Promotor Cultural UE:* Bernabé Rubio, Rotativa Performing Arts / *Asistente de Producción:* Ana Paula Ricalde

Obra apoiada polo Programa de Fomento a Projectos y Coinversiones Culturales, FONCA 2014-2015 no seo do proxecto - Red de Internacionalización (i18n)

MARCO. (Aforo limitado) 20.00h

ESPECIAL ALT CINE - TEATRO

Colectivo Cinema Sticado (Cangas) ESTREA ABSOLUTA

"STRPTS / EPISODIO 1: MIRLO & RULA" (60' aprox.) Cine en vivo

Dous performers armados con cámaras, micrófonos e controladores wi-fi dan vida en directo a unha hipnotizante historia chea de intriga que é proxectada nunha gran pantalla.

Dirección: Xosel Díez / *Intérpretes:* Helena Varela e Xosel Díez / *Deseño Iluminación:* Man Núñez